



CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

ACTA Nº 10/2019 SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA O 30 DE SETEMBRO DE 2019

ORDE DO DÍA

I.- PARTE RESOLUTIVA

I.1.- ACTA ANTERIOR

I.2.- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NUM. 19/2019 MEDIANTE TRANSFERENCIAS DE CRÉDITO POR IMPORTE DE 284.900,00 EUROS .

I.3.- MODIFICACIÓN DO ANEXO DE INVESTIMENTOS DO ORZAMENTO XERAL PRORROGADO PARA O EXERCICIO 2019 .

I.4.- APROBACIÓN INICIAL DO INVENTARIO DE VÍAS PÚBLICAS 2019.

I.5.- MOCIÓN DA ALCALDÍA RELATIVA Á REDUCIÓN DE GASES DE EFECTO INVERNADOIRO.

I.6.- MOCIÓN DA ALCALDÍA DE APOIO Á CAMPAÑA #EMERXENCIAFEMINISTA PROMOVIDA POLAS ORGANIZACIÓNS DE MULLERES.

I.7.- MODIFICACIÓN Nº 25 DAS NORMAS SUBSIDIARIAS (MEDIDAS PARA A REXENERACIÓN, REHABILITACIÓN E RENOVACIÓN URBANAS): APROBACIÓN PROVISIONAL.

II.- CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

II.1.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA. COMUNICACIÓNS: Incoación expediente resolución contrato da nova biblioteca municipal. Declaración de concurso da empresa adxudicataria do aparcadoiro municipal da Ramallosa.

II.2.- RELACIÓNS CONTABLES CON REPAROS DO 1º TRIMESTRE DO EXERCICIO 2019 .

II.3.- RELACIÓNS CONTABLES CON REPAROS DO 2º TRIMESTRE DO EXERCICIO 2019 .

II.4.- ROGOS E PREGUNTAS

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

- PSOE:

Juan Antonio González Pérez

Concelleiros/as:

Raquel Giraldez Armas

Diego Garcia Moreira

Nuria Lorenzo Lopez

Jose Luis Sanroman Roman

Alfonso Vazquez Perez

Bibiana Peixoto Iglesias

Marina Vidal Lorenzo

Patricia Diego Travieso

Cristina Dosil Valverde

Maria Esperanza Mayan Areal

Ladislao Alonso Valverde

- PP

Carlos Javier Abal Valverde

María José Pino Fernandez

Álvaro Pereira Sanromán

Javier Albores Míguez

--





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

Interventor: Modesto Solla Sanz
Secretario: Julio César Doallo Álvarez.

Outros datos da sesión:

- *Data:* 30 de setembro de 2019
- *Lugar de celebración:* Salón de Sesións da Casa Consistorial de Nigrán
- *Carácter da sesión:* ordinaria.
- *Convocatoria:* primeira.
- *Hora de comezo:* 12:00
- *Hora de remate:* 13:09
- *Número legal de membros da Corporación:* 17.
- *Número de membros asistentes no momento da constitución:* 16.
- *Membros non asistentes:* Ruben Rial Sánchez.

Incidencias:

- a) Alteracións no *quórum* de asistencia: *María Esperanza Mayan Areal*, auséntase a partir do punto I.5 da orde do día.
- b) Outras incidencias: Non se recollen.

Coas circunstancias sinaladas celebrouse, en acto público, a sesión plenaria á que se refire a presente acta, na que se trataron os asuntos que seguidamente se describen:

I.- PARTE RESOLUTIVA

I.- ACTA ANTERIOR

A acta que se somete á aprobación corresponde á sesión de data: 29 de xullo de 2019.

Preguntando o Sr. Presidente se algún membro da Corporación ten algo que obxectar á acta da sesión constitutiva da Corporación, distribuída coa convocatoria, non se producen intervencións.

Acordo.- Co voto favorable dos dezaseis membros da Corporación presentes apróbase a acta da sesión ordinaria de 29 de xullo de 2019.

I.2.- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NUM. 19/2019 MEDIANTE TRANSFERENCIAS DE CRÉDITO POR IMPORTE DE 284.900,00 EUROS .

A Comisión Especial de Contas do 23 de setembro de 2019, acordou ditaminar favorablemente a seguinte proposta:

Considerando insuficientes os créditos asignados en dezanove aplicacións orzamentarias dos capítulos 2 e 4 do estado de gastos do orzamento xeral do Concello de Nigrán prorrogado para o ano 2019, para realizar e contabilizar parte dos novos gastos estimados até o día





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

31.12.2019, por importe total de 284.900,00 euros.

Considerando que en cinco aplicacións orzamentarias dos capítulos 2, 5, e 6 do estado de gastos do orzamento xeral prorrogado do Concello de Nigrán para o ano 2019 existe crédito actualmente dispoñible e non comprometido por importe de 284.900,00 euros.

Visto o establecido nos artigos 179 e 180 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), e nos artigos 40 ao 42 do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril (RDO), así como nas bases de execución 5ª e 8ª do orzamento xeral prorrogado do Concello de Nigrán para o ano 2019.

Esta Alcaldía, proponlle ao Pleno do Concello a adopción do seguinte **acordo**:

Primeiro.-

Resolver os reparos formulados polo Interventor Xeral neste Concello no informe referencia T 157/19, de data 18/09/2019, ao abeiro do establecido no artigo 217.2 do Real Decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Segundo.-

Aprobar inicialmente o expediente administrativo de modificación de crédito 19/19 mediante transferencias de crédito por importe de 284.900,00 euros no orzamento xeral prorrogado do Concello de Nigrán para o ano 2019, cos seguintes destinos e orixes:

Aplicación orzamentaria	Destino/Orixe	Euros +/-
192312279901	Atencións asistenciais: axuda no fogar	+ 110.000,00
1923145000	Xunta de Galicia: Réxime de cofinanciamento escola infantil	+ 20.400,00
1932321300	Conservación maquinaria, instalacións e utillaxe educación	+ 2.500,00
193232269900	Gastos diversos funcionamento educación	+ 1.500,00
1933321300	Conservación maquinaria, instalacións e utillaxe cultura	+ 1.000,00
193342260900	Actividades culturais diversas	+ 10.000,00
193342269900	Gastos diversos voluntariado	+ 500,00
193342269901	Gastos diversos promoción xuvenil	+ 3.000,00
193382269904	Iluminación de nadal	+ 20.000,00





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

193412260900	Actividades deportivas diversas (13/19)	+ 10.000,00
1934221300	Conservación maquinaria, instalacións e utilaxe deportes	+ 4.000,00
194322269900	Actividades diversas turismo	+ 15.000,00
1945021000	Conservación infraestructuras	+ 14.500,00
1945021300	Conservación maquinaria, instalacións e utilaxe infraestructuras	+ 24.000,00
1945021400	Conservación material de transporte infraestructuras	+ 4.000,00
194502269900	Gastos diversos funcionamento infraestructuras	+ 2.000,00
1945921000	Conservación infraestructuras servizos urbanos	+ 14.500,00
1945921300	Conservación maquinaria, instalacións e utilaxe servizos urbanos	+ 24.000,00
1945921400	Conservación material de transporte servizos urbanos	+ 4.000,00
1915162700	Estudos técnicos e redacción de proxectos urbanismo: PXOM	- 86.000,00
1916212270000	Prezo do concesionario de recollida de R.S.U. (15/19)	- 60.000,00
1916212270601	Auditoría control calidade do servizo de recollida R.S.U. e limpeza viaria	- 22.058,00
1916232270000	Prezo do concesionario de limpeza viaria (15/19)	- 60.000,00
1992050000	Fondo de continxencia de execución orzamentaria	- 56.842,00

Terceiro.-

Expor ao público o expediente administrativo de modificación de crédito 19/19 durante quince días hábiles mediante anuncio a publicar no Boletín oficial da provincia de Pontevedra, así como no taboleiro de anuncios, na páxina web e na sede electrónica do Concello de Nigrán.

Cuarto.-

Se durante o período de exposición ao público non foran presentadas polos interesados (indicados nos artigos 170.1 do TRLRFL e 22.1 do RDO) reclamacións á modificación de crédito 19/19 (por algún dos motivos indicados nos artigos 170.2 do TRLRFL e 22.2 do RDO), a citada modificación entenderase aprobada definitivamente sen necesidade de novo acordo expreso do Pleno do Concello, efectuándose posteriormente a publicación legalmente establecida, no Boletín oficial da provincia de Pontevedra; e, de presentarse reclamacións, o Pleno do Concello disporá do prazo dun mes para resolvelas, efectuándose posteriormente a publicación legalmente





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

establecida, no Boletín oficial da provincia de Pontevedra.

Deliberación. Síntese das intervencións:

Alcalde-Presidente: Resulta necesaria para o funcionamento normal do Concello. Auméntase crédito para a axuda no fogar ou para cofinanciar a Escola Infantil, como actuacións máis destacables. Do Plan Xeral retírase unha parte, porque este ano non hai previsión de pago, e tamén da recollida de lixo, entre outros.

Carlos Abal Valverde, do grupo Popular: Votarán en contra, amparándose no informe do Interventor, que fai mención a incumprimentos normativos. E no relativo á axuda no fogar, por incrementos indebidos ou falta de achega pola empresa de documentación preceptiva. Non debería recortarse a consignación para o PXOM sen coñecemento da Xunta. O mesmo pasa coa redución do crédito para a recollida do lixo. Destacan quebrantos económicos, adxudicacións a dedo e falta de transparencia.

Alcalde-Presidente: So desta maneira se pode atender á axuda no fogar na medida necesaria.

Votación e acordo. Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 12; PSOE.
- Votos en contra: 4; PP.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

I.3.- MODIFICACIÓN DO ANEXO DE INVESTIMENTOS DO ORZAMENTO XERAL PRORROGADO PARA O EJERCICIO 2019 .

A Comisión Especial de Contas do 23 de setembro de 2019, acordou ditaminar favorablemente a seguinte proposta:

Considerando que no ano 2019 non está prevista a facturación ao Concello de Nigrán de ningún gasto correspondente ao contrato administrativo de redacción do PXOM.

Considerando que é innecesario manter en 2019 o crédito total asignado á aplicación orzamentaria 1915162700 do capítulo 6 do estado de gastos (“Investimentos reais”) do orzamento xeral do Concello de Nigrán prorrogado en 2019; aplicación orzamentaria destinada a “Estudos técnicos e redacción de proxectos urbanismo: PXOM” e que está incluída, como os demais investimentos, no “Anexo de investimentos”, que é un dos anexos do orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2018, actualmente prorrogado, anexo aprobado xunto co orzamento xeral polo Pleno do Concello.





Tendo en conta que no expediente administrativo, en trámite, de modificación de crédito 19/19 (código de expediente de "Cividas" 2019004150) efectúase unha transferencia de crédito por importe de - 86.000,00 euros da aplicación orzamentaria 1915162700 do capítulo 6 do estado de gastos ("Investimentos reais") do vixente orzamento xeral prorrogado, destinada a "Estudos técnicos e redacción de proxectos urbanismo: PXOM" (aplicación dotada cun crédito inicial de 86.714,29 euros).

Tendo en conta que corresponde ao Pleno do Concello variar (no seu caso) o anexo de investimentos do orzamento xeral do Concello de Nigrán prorrogado en 2019

Esta Alcaldía proponlle ao Pleno do Concello a adopción do seguinte **acordo**:

Primeiro.-

Resolver os reparos formulados polo Interventor Xeral neste Concello no informe referencia T 158/19, de data 18/09/2019, ao abeiro do establecido no artigo 217.2 do Real Decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Segundo.-

Aprobar inicialmente a modificación do anexo de investimentos do orzamento xeral prorrogado do Concello de Nigrán para o ano 2019, minorando en 86.000,00 euros o crédito asignado á aplicación orzamentaria 1915162700 do capítulo 6 do estado de gastos ("Investimentos reais"); aplicación orzamentaria destinada ao investimento denominado "Estudos técnicos e redacción de proxectos urbanismo: PXOM", e asignando ao investimento citado un crédito de 714,29 euros.

Terceiro.-

Expoñer ao público o expediente administrativo de modificación do anexo de investimentos do orzamento xeral de 2018 (actualmente prorrogado), polo prazo de 15 días hábiles, mediante anuncio no Boletín oficial da provincia e no taboleiro de anuncios e na páxina web deste Concello, para que os interesados debidamente lexitimados podan examinalo e presentar reclamacións ante o pleno.

Se no prazo de exposición ao público non se presentaran reclamacións contra a modificación do anexo de investimentos do orzamento xeral de 2018 (actualmente prorrogado), entenderáse definitivamente aprobada a modificación sen necesidade de novo acordo plenario. En caso de existir reclamacións, procederáse na forma indicada no artigo 169 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

A modificación do anexo de investimentos do orzamento xeral de 2018 actualmente prorrogado, definitivamente aprobada (tácita ou expresamente) será publicada no Boletín oficial da provincia de Pontevedra, entrando en vigor e sendo aplicada unha vez publicada na forma indicada.

Deliberación. Síntese das intervencións:

Alcalde-Presidente: Por razóns técnicas, ao afectar ao capítulo VI do orzamento, é necesario proceder como se propón.

Carlos Abal Valverde, do grupo Popular: O Plan está estancado. Debería abrirse un prazo novo de exposición e atender ás alegacións fóra de prazo. Deben deixarse a un lado as cacicadas e discriminacións. Non hai razóns para moitas das modificacións introducidas. A transparencia é a medicina.

Alcalde-Presidente: Cre que a actitude do PP é equivocada, e deber prescindir de insultos. Non estamos no tema do PXOM.

Votación e acordo. Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 12; PSOE.
- Votos en contra: 4; PP.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

I.4.- APROBACIÓN INICIAL DO INVENTARIO DE VÍAS PÚBLICAS 2019.

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 23 de setembro de 2019, acordou propoñer ó Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

As Corporacións Locais están obrigadas a formar inventarios de tódolos seus bens e dereitos, calquera que sexa a súa natureza ou forma de adquisición. Tratándose de vías públicas, no inventario deberán constar os datos necesarios para a súa individualización, con especial referencia ós seus límites, lonxitude e anchura e servizos que soporta.

Mediante acordos plenarios de 27/03/1998 e 27/05/1999 aprobouse a documentación identificativa de diversas vías públicas municipais que se incorporaron ó inventario de bens.

Posteriormente, o 28/03/2012, o Pleno do Concello aprobou a incorporación de dita documentación a soporte informático.

Mediante acordo plenario de 1 de febreiro de 2018 instouse a actualización do inventario de vías públicas.

Os servizos técnicos municipais, tomando como base o inventario existente,





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

elaboraron unha nova documentación coa referida finalidade.

Proponse ó Pleno do Concello a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobado con carácter inicial a documentación, en soporte dixital, identificativa de diversas vías públicas municipais e sometela ó trámite de información pública polo prazo dun mes, para que calquera persoa poida examinala e presentar no seu caso as alegacións que estime oportunas. A incorporación de viais de titularidade doutras Administracións ten como única finalidade a de informar da súa existencia dentro do termo municipal, e non a de incluílas no inventario.

Á vista das actuacións o Pleno, no seu momento, resolverá o que proceda sobre a inclusión das citadas vías municipais no inventario de bens do Concello.

SEGUNDO.- Sinalar que o simple feito de que un vial non estea incluído no inventario de bens municipais, non implica que non poida ser de titularidade municipal e que a decisión última sobre a titularidade dos viais, estean ou non inventariados, corresponde á xurisdición civil, e non ao Concello.

Deliberación. Síntese das intervencións:

Alcalde-Presidente: Explica as razóns para esta iniciativa e os antecedentes. O documento foi elaborado polos servizos técnicos municipais, aos que felicita polo seu traballo. Se hai cousas que corrixir darase a oportunidade de alegar aos cidadáns. Por iso só se trata dunha aprobación inicial previa á información pública.

María José Pino Fernández, do grupo Popular: Están a favor de que os técnicos teñan todos os medios. O prazo de exposición podía ser de dous meses.

Alcalde-Presidente: Non hai problema de que sexan dous meses.

Votación e acordo. Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 16 PSOE e PP
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar a proposta ditaminada pola Comisión Informativa, coa modificación de que **o trámite de información pública terá unha duración de dous meses.**

I.5.- MOCIÓN DA ALCALDÍA RELATIVA Á REDUCIÓN DE GASES DE EFECTO INVERNADOIRO.

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 23 de setembro de 2019, acordou ditaminar favorablemente a moción da Alcaldía-Presidencia (da que eliminados datos persoais relevantes) di o seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

A organización Amigos da Terra con CIF: G32242422 como integrante da Alianza pola Emerxencia Climática, e na súa representación, Raquel Fernández Rodríguez ..., diríxense ao pleno do Concello de Nigrán e aos grupos políticos para instalos ao recoñecemento do estado de emerxencia climática no que nos atopamos mediante a adopción da presente moción e as medidas que dela se deriven.

O Concello de Nigrán recoñece que o planeta, así como os seres vivos e os ecosistemas, atópanse en grave perigo, proba diso son os recentes informes sobre o estado da biodiversidade do IPBES e sobre o quecemento global de 1,5 °C do IPCC, que alertan dun rumbo que leva á extinción dunha gran parte dos ecosistemas terrestres. Un millón de especies están ameazadas pola actividade humana. Tamén se está ao bordo do punto de non retorno fronte ao cambio climático. Non responder ante a crise ecolóxica e civilizatoria suporía a morte de millóns de persoas, ademais da extinción irremplazable de especies imprescindibles para a vida na Terra, dadas as complexas interrelacións ecosistémicas.

Nese sentido aceptamos a verdade da crise climática sobre a gravidade da situación. Admitir as evidencias científicas, así como, o camiño de redución das emisións proposto é a única forma de protexer a existencia dun futuro para o municipio. A cidadanía debe de entender a urxencia e irreversibilidade desta loita e o Concello de Nigrán pode desempeñar un papel clave na formación, educación e información sobre o necesario freo ás emisións e realizar unha vital adaptación ás consecuencias do incremento da temperatura global.

Declarar a emerxencia climática require asumir o cumprimento de compromisos políticos reais e vinculantes, moito máis ambiciosos que os actuais, coa consecuente asignación de recursos para facer fronte a esta crise. Unha folla de ruta vinculante capaz de garantir as reducións de gases de efecto invernadoiro anuais necesarias, abandonar os combustibles fósiles, apostar por unha enerxía 100 % renovable e reducir a cero as emisións netas de carbono canto antes, de maneira urxente e prioritaria, en liña coas indicacións do informe do IPCC para limitar o aumento das temperaturas globais a 1,5 °C. Un estado de emerxencia implica redirixir todos os recursos dispoñibles dos Concellos para afrontar a crise climática cos problemas asociados que leva.

A declaración de emerxencia climática supón iniciar un proceso de educación, formación e concienciación a toda a poboación sobre a verdade da crise ecolóxica e o enorme cambio necesario frear a emerxencia. Ante esta emerxencia o Concello comprométese a iniciar este proceso de transformación social e asegurar a plena consecución dos seguintes obxectivos xerais.

O CONCELLO DE NIGRÁN COMPROMÉTESE A:

1. Establecer os compromisos políticos, normativas e recursos necesarios para garantir reducións de gases de efecto invernadoiro para chegar ao balance neto cero non máis tarde de 2040 e se é posible antes de 2035, así como deter a perda da biodiversidade e restaurar os ecosistemas como única resposta posible para evitar un colapso de todos os sistemas naturais, incluído o humano.
2. Abandonar os combustibles fósiles, apostando por unha enerxía 100 % renovable de maneira urxente e prioritaria. Para iso os gobernos municipais deben analizar como lograr este obxectivo e propor os plans de actuación necesarios, entre outros, frear novas infraestruturas fósiles, alcanzar o pleno autoconsumo eléctrico 100% renovable e unha mobilidade sustentable canto antes, crear espazos peonís, fomentar a bicicleta e outros medios de transporte non contaminantes, reducir a demanda de enerxía até consumos sustentables, promover o aumento da eficiencia enerxética e das instalacións renovables, crear espazos educativos e a información á poboación sobre a emerxencia climática, alcanzar unha política de residuo O, evitar entre os bancos cos que traballa o municipio aqueles que financian proxectos baseados en combustibles fósiles, apoiar a xestión dos montes comunais enfocada á recuperación da terra fértil e o freo da erosión. A recuperación dos acuíferos, a recuperación dos pastos a través da xestión intelixente do territorio, determinar apoios e beneficios fiscais para a repoboación do rural, que desenvolve funcións craves de mitigación do cambio





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

climático e abordar proxectos de rexeneración rural, ecolóxica e humana.

3. E necesario avanzar, entre outras, nunha economía local e de proximidade, que impulse a soberanía alimentaria, silvicultura, acuicultura, agricultura e gandaría ecolóxica e de proximidade. Alcanzando canto antes a plena subministración agroecolóxica nos servizos de restauración municipais e estendéndoos ao resto da poboación.

4. Iniciar a necesaria adaptación dos municipios á crise climática, coas consecuencias do incremento da temperatura global, as ondas de calor, a irregularidade das precipitacións, o aumento do nivel do mar e outras manifestacións que xa se están manifestando.

5. A xustiza, a democracia e a transparencia deben ser alicerces fundamentais de todas as medidas que se apliquen, polo que é preciso establecer un mecanismo de toma de decisións cidadán de carácter vinculante con competencias en materia de vixilancia, seguimento e control das medidas adoptadas. Para iso será necesario establecer indicadores e obxectivos verificables e cuantificables. Faise necesario garantir que este mecanismo integre especialmente a visión de xénero e doutros colectivos vulnerables.”

Deliberación. Síntese das intervencións:

Alcalde-Presidente: Resume a proposta e os compromisos que asume o Concello. É unha iniciativa de Amigos da Terra.

María José Pino Fernández, do grupo Popular: As causas de orixe humana están aí. Propoñen a incorporación dun apartado sobre a eficiencia enerxética.

Alcalde-Presidente: Convén que quede segundo o pedido.

Votación e acordo. Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 16; PSOE e PP
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

I.6.- MOCIÓN DA ALCALDÍA DE APOIO Á CAMPAÑA #EMERXENCIAFEMINISTA PROMOVIDA POLAS ORGANIZACIÓNS DE MULLERES.

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 23 de setembro de 2019, acordou ditaminar favorablemente a seguinte moción da Alcaldía-Presidencia:

“Ao amparo do disposto no artigo 97.2 do Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RO 2569/86 do 28 de Novembro, o Goberno de Nigrán presenta para o seu debate e posterior aprobación, se procede, a proposición sobre "Apoio á campaña #EmerxenciaFeminista promovida en Galicia, entre outras, polas organizacións de mulleres: Federación de Asociacións de Mulleres Rurais de Galicia, Rede Galega pola Igualdade, Asociación Profesional de Axentes de Igualdade de Oportunidades Galega, Sociedade Galega de Sexoloxía, soño de Liith, Teenses pola igualdade, Foro feminista Maruxa Mallo, Asociación Viúvas Demócratas de Vigo, Colectivo Feminista Pontevedra, Rede de Mulleres Veciñais Contra os Malos Tratos de Vigo, así como a agrupación Comando Igualdade, e outras que se poderán ir sumando; todas elas en repulsa contra os asasinatos de mulleres e a violencia machista”,





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O verán de 2019, será recordado como un verán negro. Os telexornais énchense de asasinatos machistas, os seus titulares din que aparecemos mortas, non señores, estannos asasinando. O pasado mes de xullo, cada dous días, unha muller foi asasinada.

Isto xa non é unha alerta, declaramos a emerxencia feminista. Pais que asasinan aos seu fillos e fillas para causar o maior dos sufrimentos. Pederastia, trata, desaparicións, asasinatos, chantaxes, extorsión, ameazas, acoso, agresións, abusos, manadas, violacións están á orde do día. Unha xustiza que non é xusta, poñendo en dúbida a declaración das vítimas. Sentencias sen sentido que nos manda a mensaxe alta e clara de que "o teu corpo non te pertence, a túa vida non te pertence".

E seguimos, seguimos como si se puidese continuar. Seguimos porque están acostumados á nosa xustiza, están acostumados á violencia, están acostumados a tratarnos coma cidadáns de segunda, acostumados aos nosos corpos sen vida. Para vos "estas causas pasan e pasaron sempre". Seguimos neste estado de guerra inadmisíbel nun estado democrático.

Non hai tempo, paremos o mundo, non se pode seguir normalizando esta situación, non se pode seguir condenando ás mulleres a convivir co terrorismo machista. Un terror que se mete en cada recuncho do noso día a día, coa dúbida constante de quen será a seguinte.

Fáltannos as máis de mil mulleres asasinadas dende o 2003, fáltannos todas as que non foron contadas, todas as que xa non están. So no mes de xullo 13 mulleres e unha menor foron asasinadas.

Basta de mirar cara outro lado, da falta de compromiso, dos erros que se permiten. Esiximos responsabilidade e maior compromiso de a tódalas institucións do noso Estado de Dereito.

Por todo o anterior, SOLICITAMOS:

Apoio desta corporación municipal á campaña #EmerxenciaFeminista, convocada polas organizacións feministas e a colaboración coas entidades convocantes, a través do medios dos que dispón o concello mediante as seguintes accións:

1. Pronunciamento público da corporación municipal contra os asasinatos machistas e contra toda forma de violencia contra as mulleres, contra a normalización da mesma, e contra a apatía e a indiferenza.
2. Posicionamento da corporación contra todas aquelas medidas, campañas e mensaxes que contribúan á xustificación da violencia de xénero, que promovan a súa minusvaloración ou cuestionamento así como das ferramentas normativas das que nos ternos dotado para combatela. Non podemos permitir que teñan un espazo de poder quen non recoñece a violencia de xénero como un problema social, contra o que hai que loitar sen descanso dende tódalas instancias: iso é terrorismo de estado."

Deliberación. Síntese das intervencións:

Alcalde-Presidente: Resume a iniciativa e o pronunciamento que se pretende obter desta Corporación.

María José Pino Fernández, do grupo Popular: Estamos ante unha lacra que vai a máis. Propoñen que se potencie ao CIM nos orzamentos.





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

Votación e acordo. Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 15; PSOE e PP
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

I.7.- MODIFICACIÓN Nº 25 DAS NORMAS SUBSIDIARIAS (MEDIDAS PARA A REXENERACIÓN, REHABILITACIÓN E RENOVACIÓN URBANAS): APROBACIÓN PROVISIONAL.

A Comisión Informativa de Urbanismo do 23 de setembro de 2019, acordou ditaminar favorablemente a proposta da Alcaldía-Presidencia que se transcribe a seguir. Tras o ditame, emitiu informe a Secretaría Xeral con data 24 de setembro de 2019.

Texto ditaminado pola Comisión Informativa:

“Expte. 16/0673U (2016002149)

Antecedentes

1. O Concello de Nigrán conta cunhas Normas Subsidiarias de Planeamento Urbanístico (NNS) aprobadas con carácter definitivo mediante acordo da Comisión Provincial de Urbanismo de data 25/11/87, ratificadas en data 9 de Febreiro de 1988 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra en data 25/03/88. Estas mesmas NNS foron posteriormente modificadas por acordo da Comisión Provincial de Urbanismo de data 16/05/91 ratificado por outro de 16/10/91, que aprobou o seu texto refundido (BOP do 23/11/91). Con posterioridade sucedéronse outras modificacións que afectaron a aspectos singulares, coa intención de corrixir deficiencias, adaptar o planeamento a novas normas que foron entrando en vigor, etc.

No substantivo, o corpo das NNS de Planeamento de Nigrán mantívose vixente ao longo xa de case trinta anos á marxe da constante evolución do marco normativo tanto no eido urbanístico como sectorial.

Se ben o Concello xa está a tramitar un novo PXOM chamado a substituír ás NNS, durante a prolongada e complexa tramitación administrativa dese novo instrumento faise preciso dar resposta a unha serie de necesidades perentorias que teñen xurdido fundamentalmente como consecuencia desa variación imparable do contexto normativo.

Tendo en conta esta circunstancia, o Concello encomendou aos seus servizos técnicos a redacción dunha modificación singular das NNS na que se identificasen as principais disfuncións e problemas e se propuxesen solucións aos mesmos, sempre dende a perspectiva do interese público.

A proposta de modificación singular elaborada polo arquitecto municipal identifica en efecto unha serie de disfuncións nas NNS que dificultan a consecución dos obxectivos en materia de rexeneración e renovación urbana, rehabilitación e eficiencia enerxética que perseguen as Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia e a Lei 8/2013, do 26 de xuño, de





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas, actualmente refundida no Real Decreto Legislativo 7/2015, do 30 de Outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana.

Non se pretende a través desta modificación singular introducir cambios no modelo urbanístico das NNSS, pois tal tarefa corresponderá ao PXOM. Tampouco se pretende variar a clasificación ou cualificación do solo, aumentar a intensidade edificatoria nin a ocupación do territorio. De forma sinxela, preténdese introducir pequenas correccións na normativa que posibiliten, ou polo menos non obstaculicen, acadar os obxectivos marcados polas normas mencionadas, e que corrixan certas deficiencias funcionais apreciadas durante a prolongada vixencia das NNSS pola oficina municipal de urbanismo.

2. En particular, a presente modificación singular ten por obxecto actualizar as previsións da normativa das NNSS no que se refire ás seguintes materias:

- a) Mellorar, actualizar e adaptar á lexislación vixente a regulación das edificacións preexistentes.
- b) Mellorar a regulación das obras permitidas en edificacións obxecto de algún réxime de protección.
- c) Actualizar a regulación dos materiais construtivos, dos elementos de composición das edificacións e a integración das mesmas na contorna.
- d) Regular os equipamentos e fomentar a diversidade de usos compatibles nos núcleos rurais e urbanos.
- e) Adecuar á lexislación vixente as condicións de urbanización, especialmente no solo urbano.
- f) Integrar as enerxías renovables e minimizar a contaminación do solo e dos acuíferos.
- g) Adaptar o planeamento á normativa aeroportuaria.
- h) Adaptar o planeamento á normativa de costas.

3. Visto o anterior, no mes de decembro de 2016 redactouse pola oficina técnica municipal do Concello de Nigrán un borrador de modificación singular das Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Nigrán (en adiante, NNSS) coa finalidade de introducir no desactualizado planeamento municipal unha serie de medidas para a rexeneración, rehabilitación e renovación urbanas.

Analizado o anterior, a alcaldía acordou o 13/12/16 iniciar un expediente de contratación do documento inicial estratéxico legalmente esixido para a tramitación desta modificación singular, que resultaría adxudicado a D^a Paula Fernández Otero mediante decreto da alcaldía do 28/12/16 (expte. 2016/175C).

4. Mediante oficio da alcaldía 15/02/17 remitiuse á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia o borrador da Modificación Singular nº 25 das NNSS elaborado pola oficina técnica municipal e o documento ambiental estratéxico elaborado por D^a Paula Fernández Otero.

5. Con data 16/05/17 tivo entrada no rexistro xeral municipal a resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático pola que se formula o informe ambiental estratéxico relativo á modificación singular, así como os informes emitidos e as alegacións formuladas durante o período de consultas. De conformidade co sinalado neste informe, o órgano ambiental acordou non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria a modificación singular de referencia, propoñendo a introdución de





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

certas correccións en materia de protección do patrimonio cultural, tendentes a evitar que as edificacións que contén con protección podan chegar a considerarse fora de ordenación.

6. Con data 20/07/17 emitiuse informe polo técnico de administración xeral municipal indicando a necesidade de solicitar certos informes sectoriais con carácter previo á aprobación inicial, así como a conveniencia de aproveitar a modificación en trámite para dar cumprimento ao requirimento formulado pola Dirección Xeral de Aviación Civil do Ministerio de Fomento o 5/07/12, en materia de servidumes aeronáuticas do aeroporto de Vigo.

7. O Concello solicitou os informes sectoriais aos que se aludía no informe citado, constando recibidos o informe favorable en materia de costas da Directora Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Xunta de Galicia do 30/08/17 (recibido o 5/09/17), o informe favorable do Director Xeral de Aviación Civil do 20/11/17 (recibido o 23/11/17), da Dirección Xeral de Sostibilidade da Costa e do Mar do Ministerio de Agricultura e pesca, alimentación e medio ambiente do 4/12/17 (recibido o 14/12/17) e informe desfavorable do Director da Axencia Galega de Infraestruturas do 11/12/17 (recibido o 18/12/17).

Tódolos informes mencionados realizan observacións ao proxecto de modificación e identifican cuestións a emendar. Co fin de corrixir estas deficiencias introducíronse modificacións nos diferentes documentos, considerando que o texto actual respecta o sinalado nos informes sectoriais.

8. Con datas 20/12/17 e 8/01/18 emitíronse respectivamente polo arquitecto e o técnico de administración xeral municipais os informes dos servizos técnicos e xurídicos municipais aos que alude o art. 60.6 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

9. En sesión de data 7/02/18 tratouse a cuestión polo Consello Sectorial do PXOM, e con data 19/02/18 emitiuse informe polo Secretario Xeral indicando que debería revisarse o texto proposto para corrixir erros gramaticais e elaborarse un documento adicional que conteña unicamente as modificacións propostas, ordenadas polo número do precepto ao que afectan. Indícase igualmente que no relativo ás normas de urbanización e ao sistema viario, dado que o seu deseño corresponde ao planeamento, entende o Secretario Xeral que *"(...) non procede derivar á fase de execución (por exemplo á resolución pola que se sinalan os aliñamentos) o establecemento de determinacións que corresponden ao ámbito normativo"*.

10. Á vista do informe do Secretario Xeral, elaborouse polo arquitecto municipal un novo documento de modificación (data de sinatura do 5/03/18) no que, segundo informe da mesma data, corrixíronse erros gramaticais e materiais sen modificar o contido nin o sentido do texto que se propoñía para aprobación.

11. Sometido o asunto ao Pleno en sesión do 22 de marzo de 2018, non se acadou a maioría necesaria para acordar a aprobación inicial. Á vista do anterior, mediante providencia da Alcaldía do 12/07/18 solicitouse ao departamento de urbanismo que se realizasen os cambios necesarios no documento de aprobación inicial en relación ás vías Tipo IV, tal e como se puxo de manifesto nas diferentes Comisións Informativas de Urbanismo.

12. Con data 13/07/18 emitiuse informe polo arquitecto municipal propoñendo un texto alternativo para a regulación das vías Tipo IV e un novo documento refundido. Reunida a Comisión Informativa de Urbanismo en sesión do 26/07/18, acordouse a solicitude de





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

informe xurídico ao respecto.

Con datas 3/08/18 e 6/08/18 emitíronse informes polo técnico de administración xeral e o Secretario Xeral, expoñendo o seu parecer sobre a cuestión debatida. Vistos os mesmos, o arquitecto municipal emitiu con data 14/09/18 informe no que propón unha nova redacción para o apartado “5- Vías Tipo 4 e condicións especiais” obxecto de debate. Ademais, propónse a corrección de algúns erros materiais e se incorpora unha listaxe de cambios nas NNSS para unha mellor comprensión, tal e como se suxería no informe da Secretaría Xeral.

13. Con data 27/09/2018 o pleno do Concello de Nigrán acordou “*Aprobar inicialmente a modificación singular nº 25 das Normas Subsidiarias de planeamento do municipio de Nigrán, referida a medidas de rexeneración, rehabilitación e renovación urbana, recollida no documento denominado “Modificación singular nº 25 das Normas Subsidiarias do Planeamento do Concello de Nigrán referida á: medidas de rexeneración, rehabilitación e renovación urbana”, en cuxa portada indícase “Documento de aprobación inicial”, con data de sinatura electrónica do 14/09/18 e código CSV R4L3GQVLCFPZ1H85”.*

No mesmo acordo plenario acordouse a suspensión dos procedementos de outorgamento de licenzas na totalidade do termo municipal, así como o sometemento da modificación singular ao trámite de información pública por un prazo de dous meses, dando traslado ao órgano autonómico competente en materia de urbanismo para realizar os trámites previstos no art. 60.7 da LSG, solicitando ademais os restantes informes sectoriais necesarios.

14. En cumprimento do acordo plenario, remitiuse ao órgano competente en materia de urbanismo da Xunta de Galicia a documentación legalmente esixida, solicitándolle a realización dos trámites previstos no art. 60.7 da LSG. Ademais, o Concello solicitou dos diferentes organismos non autonómicos os informes sectoriais precisos.

O anuncio da aprobación inicial da modificación singular e da apertura do trámite de audiencia publicouse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 200 do 17/10/2018, no Diario Oficial de Galicia núm. 206 do 29/10/2018 e na edición do día 10/10/2018 do diario Faro de Vigo. Consta igualmente que o anuncio foi exposto no taboleiro de anuncios da casa consistorial.

15. Consta que con data 15/11/2018 celebrouse unha sesión ordinaria da mesa local de comercio na que se expuxo a modificación do planeamento, sen que consten alegacións ao respecto.

16. Durante o trámite de audiencia presentáronse un total de 17 alegacións por diferentes particulares.

17. No que atinxe aos informes sectoriais recibidos, as actuacións pódense resumir do xeito que segue:

A. Recibíronse os seguintes informes non dependentes da Administración Autonómica:

Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, Dirección Xeral de Telecomunicacións e Tecnoloxías da Información (Ministerio para a Transición Ecolóxica), Portos do Estado (Ministerio de Fomento), Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas (Ministerio para a Transición Ecolóxica), Dirección Xeral de Sostibilidade da Costa e do Mar (Ministerio para a Transición Ecolóxica), Deputación Provincial de Pontevedra e Dirección Xeral de Aviación





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

Civil.

Non se recibiu o informe do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo en relación cos arts, 24 e 79 do Real decreto 989/2015, do 30 de outubro, de regulamento de artigos pirotécnicos e cartuxaría e instrución técnica complementaria núm. 9, que se entende innecesario dado que o obxecto da modificación en trámite non é o cambio de clasificación do solo nin, por tanto, a transformación do solo en urbanizable ou edificable nos termos indicados nos preceptos aludidos. Tampouco se recibiu o informe da Delegación do Goberno en relación coa Disposición adicional segunda da Lei 13/2003, do 23 de maio, reguladora do contrato de concesión de obras públicas, art. 5 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, art. 5 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, e art. 68 do Real Decreto 1434/2002, do 27 de decembro, que regula as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de gas natural.

No que se refire á Disposición adicional segunda da Lei 13/2003, do 23 de maio, o apdo. 4 dese precepto establece que a falta de emisión do informe no prazo de dous meses pode entenderse emitido con carácter favorable e poderá continuarse coa tramitación do procedemento de aprobación, agás que afecte ao dominio ou ao servizo públicos de titularidade estatal. No que atinxe á Lei 34/1998, do 7 de outubro, e ao Real Decreto 1434/2002, do 27 de decembro, de conformidade co previsto no art 80 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, debe entenderse o informe como facultativo e non vinculante e, ante a súa ausencia, poden proseguirse as actuacións.

B. Por outra banda, recibíronse os seguintes informes dependentes da Administración Autonómica:

Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, Instituto de Estudos do Territorio, Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, Augas de Galicia, Dirección Xeral do Patrimonio Natural, Dirección Xeral de Defensa do Monte, Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), Dirección Xeral do Patrimonio Cultural e Portos de Galicia.

Consta igualmente que se emitiu informe por parte do Concello de Vigo, non constando emitidos informes polos concellos de Gondomar e Baiona, nin tampouco o informe en materia de xénero, solicitado nun oficio da alcaldía do 16/10/2018, de xeito que unha vez transcorrido o prazo pode continuarse coa tramitación de acordo co art. 60.7 da LSG.

18. Como xa se indicou con data 24/07/2019 o arquitecto municipal emitiu o informe técnico requirido nos arts. 60.13 da LSG e 83.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, do regulamento da LSG (en adiante, RSG), no que analiza os informes sectoriais recibidos logo da aprobación inicial e as alegacións presentadas durante o trámite de audiencia, e propón as modificacións oportunas como consecuencia do sinalado nos primeiros e da estimación dalgunhas das segundas.

Como resultado, o arquitecto municipal formulou unha proposta refundida da modificación singular incorporando todos estes cambios, coa indicación “documento de aprobación provisional e definitiva” datada do mesmo día 24/07/2019 e con CSV ISPZD700SEGW3YW4.

19. Con data 7/08/2019 emitiuse informe polo técnico de administración xeral do que non se





deducen impedimentos para continuar a tramitación do expediente.

20. Por último, incorpóranse ao texto da modificación dous anexos. O “Anexo I – Comparativa entre texto actual e modificado”, asinado o 18/09/2019 polo arquitecto municipal, relaciona de xeito ordenado as partes das NNSS que se pretenden modificar e a proposta de modificación individual para cada unha delas. Pola súa parte, o “Anexo II – Texto para publicación”, asinado o 18/09/2019 polo arquitecto municipal e o técnico de administración xeral, recolle o texto que deberá ser obxecto de publicación no boletín oficial, de obterse aprobación definitiva do documento nos termos propostos.

Fundamentos xurídicos

1. A modificación do planeamento urbanístico.

Segundo o previsto no art. 83 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia (en adiante, LSG), a alteración do contido dos instrumentos de planeamento urbanístico poderá levarse a cabo mediante a revisión deles ou a modificación dalgún dos seus elementos.

O procedemento de aprobación da modificación singular das NNSS deberá adaptarse, segundo se deduce do indicado no art. 83.5 da LSG, ao previsto con carácter xeral para a aprobación do planeamento xeral no art. 60 do mesmo texto legal.

2. Xustificación do interese público subxacente na modificación.

De acordo co previsto no artigo 83.1 da LSG, calquera modificación do planeamento urbanístico deberá fundamentarse en razóns de interese público debidamente xustificadas.

As razóns que motivan a presente modificación aparecen descritas ao longo da totalidade do documento asinado polo arquitecto municipal, e en especial nos apartados de “antecedentes” e na “memoria informativa e xustificativa”.

3. Avaliación ambiental estratéxica.

O art. 6 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (LAA) establece que serán obxecto dunha avaliación ambiental estratéxica ordinaria os plans e programas, así como as súas modificacións, que se adopten ou aproben por unha Administración pública e cuxa elaboración e aprobación veña esixida por unha disposición legal ou regulamentaria ou por acordo do Consello de Ministros ou do Consello de Goberno dunha comunidade autónoma cando se dean certas circunstancias.

O mesmo precepto desa lei estatal establece que serán obxecto dunha avaliación ambiental estratéxica simplificada, entre outras, as modificacións menores dos plans e programas mencionados previamente.

No caso que nos ocupa remitíronse ao órgano ambiental autonómico o documento inicial estratéxico e o borrador da modificación, realizándose polo dito órgano a tramitación esixida e emitíndose con data 3/05/17 resolución da Directora Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático na que, logo da correspondente xustificación, acordouse non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria a modificación singular de referencia. A propia resolución dispón que a mesma ten a consideración de “informe ambiental estratéxico”.





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

4. Aprobación provisional

De conformidade cos arts. 60.13 da LSG e 144.13 do RSG, en relación cos arts. 83 da LSG e 200 do RSG, procede someter a modificación en tramitación a aprobación provisional, sendo competente o Pleno municipal e resultando esixible a aprobación por maioría absoluta dos membros da corporación (arts. 22.c e 47.2.II da LBRL).

Xa que logo, de conformidade co previsto nos preceptos citados e no resto de normativa concordante, vistas as alegacións formuladas por particulares durante o trámite de audiencia e os informes sectoriais emitidos polos diversos organismos competentes, e vistos tamén os informes emitidos polos servizos técnicos e xurídicos municipais, propónse ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- Estimando as alegacións formuladas durante o trámite de audiencia nos termos indicados no informe do arquitecto municipal do 24/07/2019 e rexeitando as restantes, aprobar **provisionalmente** a modificación singular nº 25 das Normas Subsidiarias de planeamento do municipio de Nigrán, referida a medidas de rexeneración, rehabilitación e renovación urbana, recollida no documento denominado “*Modificación singular nº 25 das Normas Subsidiarias do Planeamento do Concello de Nigrán referida á: medidas de rexeneración, rehabilitación e renovación urbana*”, en cuxa portada indícase “*Documento de aprobación provisional e definitiva*”, con data de sinatura electrónica do 24/07/2019 e código CSV ISPZD700SEGW3YW4, no seu Anexo I asinado electronicamente polo arquitecto municipal o 18/09/2019 e código CSV 9LGSXEI2ZZT344XC, e no seu Anexo II asinado electronicamente polo arquitecto municipal e o técnico de administración xeral o 18/09/2019 e código CSV 8RKCL40BO9UPH8UZ.

SEGUNDO.- De conformidade co establecido no art. 60.13 da LSG e 144.13 do RSG, remitir o expediente completo á consellería competente en materia de urbanismo para a súa aprobación definitiva.

TERCEIRO.- Facultar ao Alcalde para que siga a impulsar o procedemento mediante a realización dos trámites necesarios para a debida execución do acordado.”

Deliberación. Síntese das intervencións:

Alcalde-Presidente: Hai un traballo técnico importante para acadar este obxectivo de actualizar as normas, que corresponde aprobar á Xunta.

Diego García Moreira, concelleiro Delegado: Nace dunha proposta técnica, pola necesidade de actualizar a normativa e adaptala ao novo marco legal, que resulta máis favorable que as nosas normas. En certos aspectos poténciase a reforma de edificacións, sobre todo as tradicionais. Os camiños e as súas seccións convén racionalizalas e adaptalas a criterios autonómicos. Tamén se mellora a cuestión dos muros tradicionais, facendo posible o seu desprazamento en casos xustificadas. Non hai cambios na clasificación do solo.

Alcalde-Presidente: A aprobación provisional é a última decisión da tramitación municipal.

Javier Alborés Míguez, do grupo Popular: Están a favor, sen esquecer a necesidade de





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

aprobar o PXOM, pendente a pesar das promesas. No PXOM debería darse nova ocasión para alegar.

Alcalde-Presidente: Levamos moito tempo esperando informes da Xunta para o PXOM. Non se pode mesturar con isto que agora se propón.

Javier Alborés Míguez: Tamén hai que arranxar o deslinde con Gondomar para o PXOM.

Votación e acordo. Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 15; PSOE e PP
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, que representa a maioría absoluta legal, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

II.- CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

II.1.1.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Aos efectos do previsto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sinálase que dende a convocatoria da sesión estiveron á disposición dos Sres. Concelleiros as Resolucións da Alcaldía ditadas entre o 16 de xullo de 2019 (n.º 2019001350) e o 13 de setembro de 2019 (n.º 2019001812), ambos incluídos.

II.1.2.- COMUNICACIÓNS:

II.1.2.1. Incoación expediente resolución contrato da nova biblioteca municipal.

Dáse conta da seguinte Providencia da Alcaldía de 31/07/2019

PROVIDENCIA DE INICIO DE EXPEDIENTE
CONSTRUCCIÓN DE NOVA BIBLIOTECA MUNICIPAL
RESOLUCIÓN DE CONTRATO

Expediente nº: 2019/082C en relación co expediente num.: 2018/048C.

Procedemento: Aberto simplificado sen criterios de adxudicación cuxa cuantificación dependa dun xuízo de valor

Obxecto do contrato: Construción de Nova Biblioteca Municipal.

Adxudicación:

Datos da empresa adxudicataria: Nome: "CIVIS GLOBAL, SL" CIF: B36684157

Enderezo: Ctra. de Madrid, Nº 150 (KM. 5). 36318 Vigo (Pontevedra)

Importe da adxudicación sen IVE (Euros): 1.057.666,41.

Importe da garantía definitiva (Euros): 52.883,32.

Con data 21/08/2018 asinouse o contrato administrativo relativo á execución das obras de construción de Nova Biblioteca Municipal, cun prazo de execución de 9 meses segundo se





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

indicaba no prego de cláusulas administrativas. Dito prazo iniciárase o 21/09/2018 de acordo coa acta de replanteo e de comenzo das obras asinada o día 20/09/2018. Remataba polo tanto o prazo de execución das obras o día 21/06/2019.

No referido contrato o contratista e a administración, ademais de obrírgase ó cumprimento do contrato conforme ó Prego de Cláusulas Administrativas, na cláusula de outorgamento, deixaban constancia literalmente do seguinte:

“O contratista presta a súa conformidade co proxecto cuxa execución foi obxecto da licitación, sen prexuízo das consecuencias que se puidesen derivar da comprobación do replanteo do mesmo.”

En escrito de 25/02/2019 manifesta que, previo ao inicio das obras non se realizou ningunha consulta coa dirección de obra sobre indefinicións ou deficiencias do proxecto.

Transcorridos 4 dos 9 meses do prazo de execución, a empresa adxudicataria empezou a presentar escritos, algúns deles acompañados de informes doutras empresas, nos que se indicaban supostas deficiencias nas instalacións previstas no proxecto técnico, documentos que foron remitidos á dirección de obra para a súa análise e contestación.

Ante as reiteradas peticións de que o órgano de contratación se manifestase ó respecto, remítese resposta ó contratista en data 10/06/2019 na que, como non podía ser doutra forma, se indican as referencias legais ó respecto das modificacións do contrato así como a obrigatoriedade do contratista e da administración a respectar ó pactado.

Na referida contestación indicábase así mesmo que:

“...Nas consultas que esta Alcaldía formulou coa dirección facultativa, esta nos indica que non concorre ningunha circunstancia que recomende unha modificación do proxecto técnico que conleve unha modificación de contrato. Tampouco a unidade encargada do seguimento e execución ordinaria do contrato manifestou tal necesidade.”

Con data 10/06/2019, a dirección facultativa das obras presenta informe no que, entre outras cousas, se indica:

*“...Pasados 8 meses de execución, la constructora ha mostrado una actitud premeditada de dilación y retraso en la ejecución, suponemos que con el objetivo de conseguir un modificado de obra que les sea ventajoso económicamente. Esta dilación queda de manifiesto en el momento en que actualmente la contrata solo ha ejecutado un **29,07%** del total de la obra.*

La dirección Facultativa ha dado órdenes explícitas reiteradamente para el inicio en la ejecución de partidas que podrían y deberían haberse realizado, siendo desatendidas de manera consciente, y entendemos que deliberada, por la empresa CIVISGLOBAL S.L.

Al día de presentación del presente escrito se encuentran sin ejecutar partidas de gran relevancia en la obra, como carpintería exterior, recrecidos, trasdosados de fachadas, rozas de las instalaciones, enfoscados, enlucidos, carpinterías interiores y muchas otras que deberían encontrarse terminadas y que vuelven a ser una prueba de la actitud de falta de diligencia y provocación de retrasos injustificados que la constructora ha adoptado en esta obra.

A día de hoy queremos reiterar que no se cumplen las condiciones económicas, no entramos en otros aspectos, para la solicitud de un modificado. Queremos aclarar que tanto el órgano contratante como la dirección facultativa de obras interpretamos que no cabe modificado alguno en el momento en que los nuevos precios contradictorios no afectan a más del 3 por ciento del presupuesto primitivo del contrato y es posible que no se incremente el precio





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

global del contrato dado que existen excesos de medición y partidas que se ha decidido no realizar por distintos motivos. Dado que esta interpretación ha sido manifestada reiteradamente por el órgano de contratación solicitamos se traslade a la contrata ya que parece diferir de su criterio a vista de los escritos presentados.

En este escrito debemos dejar constancia que el órgano de contratación ha manifestado que no existía la posibilidad de realizar un modificado de obra, comentando a la contrata que en caso de superar el tres por ciento antes mencionado se procedería a dejar de ejecutar partidas...”

Con data do 13/06/2019, o contratista anuncia a suspensión unilateral da execución do contrato que sería efectiva a partir das 08:00 horas do día 14/06/2019 (seis días antes do fin do prazo de execución das obras contratadas). A partir dese momento, o contratista leva a efecto a súa propia decisión de deixar de executar as obras, de modo que esgotado o prazo de execución, quedou sen executar máis do 70% do total contratado.

Deste xeito deixa clara a súa vontade de non cumprir o compromiso adquirido, a non ser que o Concello acepte as súas condicións. E para materializar ese propósito, paraliza a execución das obras, deixando de executar a prestación obxecto do contrato e incumpre, adicionalmente, o deber de realizala dentro do prazo total pactado.

Non ten en conta que a interpretación dos contratos administrativos, resolvendo as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, así como a decisión de modificalos non é unha prerrogativa do contratista, senón da Administración -sempre por razóns de interese público- (art. 190 LCSP, entre outros).

Tal comportamento tamén contrasta coa manifestación responsable contida na súa oferta, na que declarou coñecer e aceptar plenamente o proxecto técnico e as cláusulas administrativas particulares que serven de base á convocatoria

Pois ben, segundo o previsto na LCSP, art. 210.1, o contrato so se entenderá cumprido polo contratista cando este realizase, segundo os termos do propio contrato, e á satisfacción da Administración, a totalidade da prestación. E isto non se respectou no presente caso.

Ademais o contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro del prazo total fixado para a realización do mesmo (LCSP, art. 193.1). E esta esixencia tampouco se respectou

Así as cousas, hai que ter en conta que o art. 211.1,f) da LCSP sinala como causa de resolución do contrato o incumprimento da obrigación principal do mesmo.

E tamén contempla como causa de resolución a demora no cumprimento dos prazos por parte del contratista (art. 211.1d), facultando á Administración, no art. 193.3, para que, atendidas as circunstancias do caso poida optar pola resolución do contrato por esta causa. Pola súa parte, o prego de cláusulas administrativas que rexe a contratación de referencia establece:

“Cláusula 46. Resolución do contrato.

Son causas de resolución do contrato as recollidas nos artigos 211 e 245 LCSP.

De conformidade co artigo 211.2 LCSP, nos casos en que concorran diversas causas de resolución do contrato con diferentes efectos en canto ás consecuencias económicas da extinción, deberase atender á que aparece con prioridade no tempo.

A resolución do contrato acordarase polo órgano de contratación, de oficio ou a instancia do contratista, no seu caso, seguindo o procedemento que nas normas de desenvolvemento da LCSP se establece.





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

Cando o contrato se resolva por incumprimento culpable do contratista seralle incautada a garantía e deberá, ademais, indemnizar á Administración os danos e prexuízos ocasionados no que excedan do importe da garantía incautada. A determinación dos danos e prexuízos que deba indemnizar o contratista levarase a cabo polo órgano de contratación en decisión motivada previa audiencia do mesmo, atendendo, entre outros factores, ó atraso que implique para o investimento proxectado e ós maiores gastos que ocasione á Administración.

Para a aplicación das causas de resolución estarase ó disposto no artigo 212 LCSP e para os seus efectos ó disposto nos artigos 213 e 246 LCSP, así coma no seu caso, ó disposto no desenvolvemento regulamentario."

O art. 213.3 da LCSP determina:

"Cuando el contrato se resuelva por incumplimiento culpable del contratista le será incautada la garantía y deberá, además, indemnizar a la Administración los daños y perjuicios ocasionados en lo que excedan del importe de la garantía incautada."

Tendo en conta o sinalado e, adicionalmente, que a decisión do contratista pon en risco a percepción dunha subvención concedida pola Deputación Provincial de Pontevedra ó Concello por importe de 1.479.620,18 euros.

PROCEDE:

Iniciar o procedemento para decidir sobre a resolución do contrato de "Construción de Nova Biblioteca Municipal" e sobre as consecuencias que poderían derivarse da mesma, incluído, no seu caso, a incautación da garantía.

Incorporar ao expediente a documentación aludida nos antecedentes.

Dar audiencia ao contratista e ao asegurador por prazo de dez días naturais, poñendo á súa disposición o expediente en curso.

Rematado o referido trámite, continuar a tramitación na forma prevista na normativa aplicable.

Trasladar ó contratista das obras a obrigatoriedade do cumprimento do art. 213.6 da LCSP relativo á adopción das "...medidas necesarias por razones de seguridad, o indispensables para evitar un grave trastorno al servicio público o la ruina de lo construido o fabricado...".

II.1.2.2.- Declaración de concurso da empresa adxudicataria do aparcadoiro municipal da Ramallosa.

Dáse conta da publicación no Boletín Oficial do Estado do 6 de maio de 2019 das actuacións xudiciais relacionadas co concurso voluntario de ESTACIONAMIENTOS VALLE MIÑOR, S.L., polas que entre outras decisións, declárase resolto por ministerio da lei, o contrato concesional formalizado entre o Concello de Nigrán e a referida empresa, formalizado en escritura pública outorgada o 13 de abril de 2007.

II.2.- RELACIÓNS CONTABLES CON REPAROS DO 1º TRIMESTRE DO EJERCICIO 2019 .

A documentación de referencia é a facilitada pola Intervención municipal sobre relacións contables con reparos no 1º trimestre 2019.





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

II.3.- RELACIONES CONTABLES CON REPAROS DO 2º TRIMESTRE DO EJERCICIO 2019 .

A documentación de referencia é a facilitada pola Intervención municipal sobre relacións contables con reparos no 2º trimestre 2019.

II.4.- ROGOS E PREGUNTAS

1.- Carlos Abal Valverde, do grupo Popular:

1.1. En relación co comunicado nos puntos anteriores, sinala:

En cuanto a las resoluciones de la Alcaldía, incoación del expediente relativo a la construcción de la nueva biblioteca municipal y resolución del contrato y declaración del concurso de la empresa adjudicataria del aparcamiento municipal de Ramallosa, sería de agradecer que se nos remitiese un informe del Secretario del Concello acerca de ambos temas en cuanto a los plazos de tramitación, posibles repercusiones económicas, pérdidas de subvenciones y otras consecuencias legales, así como el posible uso del excedente de tesorería para hacer frente a las posibles responsabilidades. Es muy importante agilizar al máximo la tramitación de estos temas para evitar consecuencias que deriven en un perjuicio económico para el Concello.

Respecto a la relación de reparos en el primer y segundo trimestre del ejercicio del 2019, analizando los decretos de pago de facturas, a dedo, por contrato verbal, o sin expediente ni contrato vinculado, constatamos lo siguiente: hasta la última semana de septiembre la impresionante cifra de 1.994 facturas por un importe total de 1.290.000 euros, lo que bate todos los record en Galicia. Podríamos estar en el libro Guinness del despropósito municipal de los países desarrollados. Absolutamente desproporcionado. Según la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas, los contratos verbales sólo se pueden admitir en situaciones de emergencia, urgencia, ante acontecimientos graves como inundaciones, catástrofes u otro tipo de situaciones imprevistas. Según esto debemos estar en medio de un huracán de forma permanente, el huracán Juan, porque si no no me lo explico. Analizando las facturas he comprobado que la mayoría del material de construcción se le compra a una sola empresa en Gondomar, 28.000 euros. El hormigón también a una sola empresa, 34.800 euros. El material eléctrico también, 46.200 euros. Las plantas, árboles y fitosanitarios a uno solo también, 27.200 euros. Todos los arreglos de los parques infantiles del 2019 realizados antes de las elecciones, a la misma empresa en Gondomar, 49.900 euros. Todas ellas adjudicadas a dedo, sin contrato de ningún tipo y, qué curioso, que representantes de algunas de ellas comen juntos cada cierto tiempo con algún funcionario municipal y algún concejal. Habiendo en la zona múltiples empresas que podrían haber suministrado estos servicios y materiales, si se les hubiera dado la oportunidad de licitar, como es su derecho, lo que sin duda supondría un importante ahorro económico para el Concello, y las empresas cobrarían en 30 días. De esta manera esperan meses para cobrar, por lo que lo más probable es que algunas de ellas no hagan el mejor precio posible al Concello. Por otro lado, no se ha negociado un contrato único a nivel de Concello con las empresas suministradoras de electricidad y telefonía, lo que también habría supuesto un ahorro relevante en el gasto de estas partidas, concretamente 416.000 euros





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

hasta septiembre. Un ejemplo del ahorro, si fuera del 20% supondría 83.200 euros menos de gasto. Una partida que se podía dedicar íntegramente a fines asistenciales en los que la demanda cada día es más importante.

No es de recibo argumentar, como hace el Sr. Alcalde, que si se quiere hacer bien no se podría hacer nada. No es cierto, porque la mayoría de los Concellos no tienen este problema. Usted puede pedir ayuda a la Diputación y a la Xunta, incluso a la propia administración del Estado, o utilizar las tecnologías de la información y de las comunicaciones para mejorar la digitalización del Concello. Además, cuenta con una mayoría absoluta que le da el poder de utilizar el presupuesto municipal para solucionarlo. La culpa no es de otros, es sólo suya, por su falta de impulso e iniciativa, no todo es ir a fiestas y actos, hay que preocuparse de hacer funcionar a la administración local con todos los medios disponibles para ponerla al servicio de los ciudadanos. No es normal que un proveedor tarde en cobrar 6 meses, que un informe urbanístico tarde 3 meses, que una licencia de obra tarde 1 año o más, que la Intervención tenga una cantidad de facturas sin contrato que le impida realizar adecuadamente sus funciones, que el departamento de contratación haga este año 7 contratos comparado con los 40 del año pasado. Podría seguir. Si fuese una empresa ya estaría cerrada hace tiempo y usted despedido. Por otro lado, con sus prácticas están generando un clientelismo con empresas particulares y asociaciones, algo contra lo que ustedes cuando están en la oposición cargan sin piedad. Lo ejercitan impunemente cuando gobiernan. Es verdad el dicho, dime de lo que presumes y te diré de lo que careces. Son ustedes unos maestros en la aplicación de la lei del embudo, para mi lo ancho y para ti lo agudo. Realmente lamentable y ciertamente cuestionable en cuanto a su legalidad y a su comportamiento democrático. Recuerden su promesa de cumplir y hacer cumplir la lei.

Alcalde-Presidente: Parécenos un discurso político, que nos parece correcto escoitalo. Non hai nada ilegal.

Sr. Abal Valverde: Esta situación se puede cambiar, de hecho ningún concello tiene esta situación, es un caso excepcional. Debes utilizar los recursos y los medios que están a tu alcance. Esto no nos lleva a ningún lado. En otros concellos lo que ha pasado es que ha habido una intervención del Consello de Contas y han paralizado el concello. A usted debería preocuparle bastante. No es la forma de hacer las cosas.

1.2. ¿Cual fué el coste unitario de las mochilas vibratorias que adquirió el Concello?

Alcalde-Presidente: Creo que total sobre 6.000 euros.

Abal Valverde: ¿Cuántas?

Alcalde-Presidente: Cinco.

Abal Valverde: En internet una mochila vale 385 euros.

1.3. ¿Cual es la situación del expediente de demolición de la planta del edificio de la asociación de Monteferro? La tardanza en contestar al expediente de demolición y legalización segregando la parcela cuando se podía hacer en 2.000 m² y con el cambio de la Ley del Suelo de Galicia ha pasado a 10.000 m², ¿como se va a resolver esto? ¿Se han





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

cumplido los plazos de respuesta a las solicitudes vinculadas a este expediente? ¿Que le prometió Sr. Alcalde a los comuneros? Dígalo aquí y ahora.

Alcalde-Presidente: Estamos pendentes dunha cita coa Secretaría Xeral de Urbanismo da Xunta de Galicia.

Abal Valverde: ¿Podría explicar por qué razón no se contestó en tiempo y forma cuando se podía hacer la legalización en 2.000 metros cadrados? Ahora el problema es grave.

Alcalde-Presidente: Están traballando conxuntamente os servizos técnicos e a Xunta de Galicia para intentar que ese edificio que se fixo sen licencia, topar a fórmula para que poida cumprir a normativa urbanística e poida tela. O edificio o fixeron eles, está irregular, están intentando solucionalo. Introducir cuestións que poden facer que iso non se solucione creo que non é algo moi adecuado.

Abal Valverde: Yo lo que estoy preguntando es como lo tienen para solucionarlo.

Alcalde-Presidente: O acordo cos comuneiros e coa Xunta de Galicia e unha xuntanza coa Secretaría Xeral de Urbanismo para entre todos solucionar iso.

Abal Valverde: Pero contempla la demolición de la planta de arriba.

Alcalde-Presidente: Despois da reunión lle direi.

1.4. No he encontrado ningún expediente ni ningún contrato menor asignado a la empresa Arbogal por importe de 16.214 euros, como indica la publicación en Faro de Vigo de 04/09/2019. ¿Es otro caso de adjudicación a dedo? El convenio de la Xunta que menciona el artículo no es para limpiezas forzosas en propiedades de dueño desconocido, ya que si la administración no cobra puede expropiar la finca de acuerdo con la nueva ley de defensa contra incendios forestales de la Xunta. La pregunta es: ¿la administración del Concello todavía no tiene ninguna información respecto a esa concesión ni contrato?

Diego García Moreira, concelleiro Delegado: El convenio con la Xunta de Galicia y con SEAGA si era para las franjas de seguridad y de hecho en el propio convenio se establecía que la Xunta nos iba a dotar de mecanismos para poder tomar iniciativa en aquellas fincas que estaban en zona de incendios con riesgo y que no se limpiaban y que entonces la Xunta iba a intentar limpiarlas a través de SEAGA, que era la empresa pública de servicios. Por correo electrónico, y ahora ratificado por escrito hace poco, contestaron que nosotros no éramos un concello prioritario para ejecución de esas franjas forzosas, con lo cual cuando nos contestan eso, nosotros teníamos un pliego técnico con una serie de parcelas que ya cumplían con todos los requisitos: estar en una franja de riesgo de incendios, no haber localizado al dueño, que se haya publicado un anuncio en el boletín oficial diciendo que su parcela tiene que ser desbrozada por riesgo de incendio, y en ese caso lo que correspondía era la ejecución subsidiaria. Como esto fue en pleno mes de agosto, con un riesgo alto de incendio, se considera un contrato por vía urgente y a partir de ahí se tramitó el expediente administrativo, porque hay un pliego, hay una petición de tres presupuestos, pero la tramitación se hizo por vía de urgencia. La propia ley lo pone, que cuando son por vía de urgencia, llevan una tramitación diferente.





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

Abal Valverde: No consta el expediente en ningún lado.

García Moreira: Le pasaremos una copia.

Abal Valverde: Yo lo he preguntado y nadie me supo decir nada de esto.

2.- *María José Pino Fernández, do grupo Popular:*

2.1. Varios vecinos de la rúa Vilameán me han dicho que presentaron por registro que se asfaltó la mitad en campaña, pero que la otra mitad que da a la carretera por la Vía no se hizo. Dicen que el Alcalde les dijo que esperasen a que en la actuación que se va a hacer allí ya se haría. Pero es imposible.

Alcalde-Presidente: Que din?

Pino Fernández: Por registro está solicitado el asfaltado de la calle Vilameán.

Alcalde-Presidente: Hai moitas rúas que está solicitado asfaltar. De todos os xeitos, dentro da actuación desa unidade 14 teñen que recompoñer as rúas e unha desas rúas é a que eles queren asfaltar. Polo tanto non ten sentido asfaltar un trozo dun vial duns 200 m cando a propia actuación vai facelo.

Pino Fernández: La actuación no puede hacer toda la calle.

2.2. ¿Queremos saber que se está haciendo en la finca que está en rúa Reverendo José María Pérez Alonso?

Alcalde-Presidente: É unha desas fincas que se está limpando por ese procedemento urxente.

Pino Fernández: ¿Y rellenando?

Alcalde-Presidente: Non, cortouse.

2.3. ¿Donde se pagan las excursiones que se están haciendo?

Alcalde-Presidente: En el Concello.

Pino Fernández: ¿No va a través de un banco?

Alcalde-Presidente: Non.

Pino Fernández: Sabéis que no se debe hacer así.

3.- *Álvaro Pereira Sanromán, do grupo Popular:*

3.1. Reitero la pregunta del anterior pleno: ¿la situación de las pistas deportivas de Panxón en que punto se encuentra?

Alcalde-Presidente: As pistas están funcionando perfectamente.





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

Pereira Sanromán: Las pistas si.

Alcalde-Presidente: Estase facendo un pequeno proxecto para contratar as obras.

3.2. También preguntamos otra vez por el despacho para nuestro grupo.

Alcalde-Presidente: Está rematado, falta o material informático.

3.3. También habíamos solicitado los expedientes de SOLPOR y VIVE NIGRÁN, los permisos de Costas, licencias, plan de autoprotección, seguros de responsabilidad civil. No hemos recibido nada.

Alcalde-Presidente: Todo está a disposición no departamento correspondente.

Abal Valverde: Lo hemos solicitado por registro y no hemos recibido ninguna contestación. De ninguna de las cosas que hemos pedido por registro, y hay cinco días para contestar. En Intervención nos han contestado a una, la relación de facturas de acuerdos verbales.

Alcalde-Presidente: Transmitiremos a los departamentos que contesten con máis axilidade.

3.4. Faltaba también el proyecto del Arco Visigótico, la prevención de vandalismo y el plan de protección del mismo, que solicitamos y no nos contestan.

Alcalde-Presidente: Estamos pendentes de rematar o proxecto para entregarlo ao Bispado porque teñen que dar eles o visto e praxe, porque o espazo é da Igrexa e teñen que cedelo para poder facer os traballos. Espero que nos catro anos poidamos facelo.

3.5. El parque de Vilariño está abandonado, con maleza.

Alcalde-presidente: Está limpo desde a semana pasada.

3.6. En nombre mio y de mis tres compañeros, decir que intentaremos afinar el lenguaje para que no se digan palabras ofensivas a nadie porque aquí estamos para ayudarnos todos mutuamente.

4.- Javier Alborés Míguez, do grupo Popular.

4.1. ¿Cual es la respuesta a la solicitud que presentamos por registro acerca del parking de autocaravanas del Concello? Proyecto, contrato, estado de la obra, conexión del agua negra y de las pluviales, en un terreno inadecuado. No hemos recibido nada.

Alcalde-Presidente: Contrato non hai porque o fixeron os operarios municipais.

Alborés Míguez: ¿Por qué está paralizada?

Alcalde-Presidente: Pola denuncia dun veciño que se encarga de denunciar case todas as obras que se fan neste concello e que espero que non vos aliñedes con el.





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

Alborés Míguez: Nós non nos aliñamos con ninguén; nós queremos saber.

Alcalde-Presidente: Hai unha denuncia dun particular que é coñecido en Nigrán porque denuncia todas as obras que se fan e polo tanto estase esperando para responder iso e continuar.

Alborés Míguez: ¿Esa obra podía facerse aí?

Diego García Moreira, concelleiro Delegado: Se é unha obra municipal non é necesario que se autorice o concello a si mesmo. É un tecnicismo co espazo en concreto. Esa zona está cualificada como equipamento, o que faltaba por definir era o tipo de equipamento. A raíz de aparecer esta denuncia, antes de continuar, por prudencia, parouse, vaise traer o equipamento concreto. Non se estaba facendo ningunha obra en rústico, nin en zona verde, nin nun solo cualificado de protección. Era un solo de equipamento, a única diferenza é que vamos a concretar que vaia ese solo co tipo de equipamento que se vai utilizar para ter todas as garantías posibles.

Carlos Abal Valverde: En cualquier caso, en cualquier obra que realice el Concello, lo primero que tiene que hacer es abrir un expediente, lo segundo es tener un proyecto, y lo tercero es informar al público en un cartel en el sitio.

4.2. Solicitamos información das pistas de atletismo, información da situación da obra e da legalidade urbanística polo cambio de rasante de forma acusada, presuposto da obra. Está parada sen actividade. Segundo o Alcalde estaría dispoñible a primeiros de 2018.

Alcalde-Presidente: Están traballando para rematalas canto antes.

Alborés Míguez: E os cambios de rasante?

Alcalde-Presidente: Non hai ningunha denuncia. Está segundo o proxecto.

Carlos Abal Valverde: ¿Habéis visto las cotas de la rasante respecto a lo que está hecho?

Diego García Moreira, concelleiro Delegado: As obras continúan en trámite. Unha alteración de rasante en rural ata 3 metros non se considera ilegal. Nunha obra municipal, e máis dese calado, hai un director de obra que representa á administración e controla que todo se execute cunhas garantías. Hai unha normativa urbanística que cumprir e, sobre todo, a empresa se ao rematar as obras fixo algo ilegal despois non as cobra, co cal debe ser a primeira interesada en facer todo de acordo co proxecto ou se se desvía nalgún momento do proxecto, terá que estar xustificado na documentación.

4.3. O asfaltado do Camiño do Labrego segue igual que cando o preguntei noutro Pleno fai dous meses.

Alcalde-Presidente: Agora ao saír pode mirar que xa está arranxado.

4.4. Rúa Vista ao Mar as losetas están soltas.





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

Alcalde-Presidente: Se non está en contratación está a punto de contratarse un proxecto que xa está aprobado, con todas autorizacións.

5.- Carlos Abal Valverde, do grupo Popular:

5.1. No contestaron a la solicitud del informe del Secretario respecto al tema de la biblioteca y del aparcamiento de Ramallosa.

Sr. Alcalde-Presidente: Dálle a palabra ao Secretario.

Secretario: O Secretario informa no marco dun procedemento. O procedemento está aberto, e nese procedemento haberá que incorporar os informes necesarios para avaliar a situación, contando con técnicos e economistas, porque as cuestións ademais de xurídicas son económicas. Avaliar posibles responsabilidades patrimoniais da administración e posibles danos e prexuízos sufridos pola administración. Todo iso conformará un procedemento no que o Secretario ou outro asesor xurídico da Corporación deberá emitir o seu parecer.

5.2. ¿Cual es la valoración de los primeros 100 días de nueva legislatura con su abrumadora mayoría, en cuanto a sus obras estrella de la biblioteca, pistas de atletismo, el proyecto del Arco Visigótico, el proyecto del molino de Porto do Molle, la calle Otero Pedrayo y el parque ilegal de autocaravanas?

Alcalde-Presidente: Como dixen antes, nós traballamos de aquí a catro anos, non a 100 días. Estamos sentando as bases para que dentro de catro anos a xente poida volver a crer en nós. En 100 días está claro que non vamos cumprir o programa electoral. Nunca o dixemos nin o imos dicir agora.

**

Ao non haber máis asuntos que tratar, rematouse o acto, e o Sr. Alcalde levantou a sesión á hora anteriormente consignada, do que eu, Secretario, dou fe.

O SECRETARIO

Vº e Prace
O ALCALDE
Juan Antonio González Pérez

